



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

O PINO

Aprobación das bases da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrència competitiva ás asociacións culturais e deportivas do Excmo. Concello do Pino (exercicio 2025)

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o día 11/02/2025 aprobáronse as Bases Reguladoras das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, á asociacións culturais e deportivas do concello de O Pino para o exercicio 2025, cuxo texto se transcribe literalmente:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CULTURAI, DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO (EXERCICIO 2025).

1. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA.

1.1. Obxecto.

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006), así como coa lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia (Lei 9/2007), e o Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027 deste concello aprobado en sesión plenaria de data 12 de decembro de 2024 (martes, 14 de xaneiro de 2025 | BOP número 8), convócanse subvencións para a dinamización das asociacións culturais e deportivas con sede no termo municipal do Pino, para o ano 2024.

Vista a aprobación definitiva do Orzamento Xeral (xoves, 16 de xaneiro de 2025 | BOP número 10)

Considerando a Base 34^a.- do Orzamento Xeral para a anualidade 2025: Subvencións con cargo a créditos globais Para a concesión de subvencións con cargo a créditos globais estarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A convocatoria diríxese ás entidades culturais e deportivas co obxecto de promover e apoiar estas entidades como ferramentas activadoras e catalizadoras da participación cidadá.

1.2. Finalidade.

É obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para o financiamento de programas, proxectos ou actividades de interese cívico, social, cultural, deportivo que realicen as entidades culturais e deportivas do concello de O Pino durante o exercicio económico 2025 (entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro), que favorezan a participación cidadá e que teñan un carácter complementario respecto dos programas municipais.

Os proxectos presentados deberán ter relación con:

1. Proxectos, programas e/ou actividades culturais e deportivas valiosas para toda a cidadanía do concello de O Pino, sen ser necesario ter a condición de socio/a para participar nelas (información e formación en condutas cívicas ou mellora de hábitos en relación co contorno, talleres, cursos, conferencias, ou calquera outro formato que se considere oportuno) e que favorezan a participación activa da cidadanía na vida do municipio.

1.3. Réxime xurídico.

A presente convocatoria rexerese integramente polas presentes Bases, e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e os Regulamentos que as desenvolven e demais normas concordantes e de pertinente aplicación.

Así mesmo, na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido no Orzamento municipal para o ano 2025.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as asociacións culturais e deportivas legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, e que presenten un proxecto, programa ou actividade que se axuste ao obxecto da subvención debidamente detallado.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas bases todas as asociacións legalmente constituídas e con personalidade xurídica así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como subvencionables. Ambas deben cumprir os seguintes requisitos:

1. Que se encontren inscritas no Rexistro de asociacións da Xunta de Galicia.
2. Que teñan sede social no termo municipal do Pino.
3. Carecer de fins de lucro
4. Que, de acordo con os seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal e coincidentes co obxecto da subvención.
5. Desenvolver as súas actividades no termo municipal
6. Que xustificasen as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello do Pino, excepto aquelas para as que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
7. Que estean ao corrente do pago de deberes por reintegro de subvencións.
8. Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e da CCAA, e fronte á Seguridade Social e co Concello do Pino, os seus Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público dependentes do mesmo.
9. Os demais contemplados na Lei xeral de subvencións.

Si a actividade ou proxecto para a que se solicita a subvención ten como suxeito a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizala e que teña contacto habitual cos menores, cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

A declaración responsable requirida estará incluída no propio formulario de solicitude, que será asinado polo presidente ou a representación actual da entidade.

3. CRÉDITO ORZAMENTARIO E IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS

O importe das subvencións obxecto desta convocatoria específica é o que segue con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: 334.48000; 341.48000;= 9.005,00€

O importe das subvencións non poderá superar en ningún caso ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, o custe da actividade subvencionada.

O contía das subvencións non poderá superar as seguintes cantidades en funcións das correspondentes asociacións:

- Culturais: ATA 2.500,00 €.
- Deportivas: ATA 3.000,00 €.

4.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

4.1. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados, e leven a cabo no período comprendido entre o un de xaneiro e o un de decembro de 2025, tales como gastos de persoal, profesionais, de organización de actividades, talleres, accións formativas, subministracións como cartellaría e folletos, etc.

En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4.2. Gastos non subvencionables:

Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables (considerase inventariable todo ben susceptible de valoración independente, non funxible (que se esgote co uso) e cuxa vida útil sexa superior a un exercicio económico), e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativos e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Impostos indirectos cando son susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

- Os gastos en subministracións (luz, auga, teléfono...), seguros.

En ningún caso serán subvencionables os gastos en bebidas alcohólicas e, en xeral, tampouco os realizados en concepto de “comidas, ceas, petiscos, etc.”.

Non poderán ser obxecto de subvención aqueles gastos que non se axusten aos conceptos recolleitos nos apartados anteriores nin se correspondan co período fixado na convocatoria.

5.- PROCEDEMENTO:

5.1. INICIACIÓN.

5.1.1. Procedemento de concesión: Réxime e inicio.

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

O persoal responsable do departamento de secretaría-intervención, actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións.

O órgano competente para a resolución será do alcalde ou órgano en quen delegue.

5.2. FORMA, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

5.2.1. Presentación de solicitudes de subvención:

A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello do Pino <https://opino.sedelectronica.gal> no prazo DUN MES contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Coruña

Tendo en conta o establecido no Real Decreto 11/2018 do 4 de setembro de 2018, no seu Título V tamén poderá presentarse de maneira presencial no Rexistro Xeral de Entrada do Concello do Pino ou por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.2.2. Documentación das solicitudes de subvención:

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

A) Relativa a **entidade**, e a súa representación:

Estatutos da entidade

Declaración responsable de non estar incursos en ningún dos supostos de prohibición a que se refire el artigo 13 da Ley Xeral de Subvencións.

Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal adicado a realización das actividades ou proxectos solicitados que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no art. 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor e no art. 8.4 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.

Declaración responsable do número de persoas socias

Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.

Certificación dos datos bancarios da persoa/entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos aportados pola entidade interesada no que respecta ao nome o denominación social, CIF ou NIF e ao número de conta bancaria (en formato IBAN).

Certificación acreditativa dos cargos representativos da entidade, mediante o cumprimento do modelo.

B) Relativa as **actividades, proxectos e/ou actuacións** solicitadas:

Memoria na que se fará mención a identidade da entidade solicitante e as persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda, orzamento detallado da inversión a realizar e calendario da mesma.

Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou actuacións solicitadas a nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables.

Declaración das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade ou proxecto obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional

Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación de unha memoria complementaria con unha extensión que non poderá exceder de 3 folios.

5.3. INSTRUCIÓN.

5.3.1 Procedemento de concesión: Instrución:

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao departamento de secretaría-intervención.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. Si a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá a persoa/entidade interesada para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que si non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

5.3.2 Criterios de valoración das solicitudes:

A selección das solicitudes e a contía das subvencións determinarase, unha vez considerados os gastos que se vaian a realizar, de acordo con o seguinte baremo:

DESCRIPCIÓN.	PUNTUACIÓN MÁX.
1. Número de persoas beneficiarias.	30 puntos
2. Calidade da programación.	35 puntos
3. Necesidade do investimento	35 puntos
TOTAL	100 PUNTOS

5.3.3. Procedemento de concesión: Proposta de resolución provisional, trámite de alegacións e reformulación, proposta de resolución definitiva, aceptación e resolución definitiva das subvencións.

O órgano instrutor, formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ás entidades interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello do Pino.
- Páxina web do Concello do Pino.
- Remitirse por correo electrónico a cada entidade solicitante.

Tras esta publicación concederáse ás entidades solicitantes un prazo de CINCO días naturais para presentar alegacións.

Examinadas as alegacións aducidas ou, no seu caso, as reformulacións presentadas polas persoas/entidades interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano instrutor, que deberá expresar a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectiva.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

A resolución definitiva, notificarase ás entidades interesadas que foran propostas como beneficiarias na fase de instrución, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada. A notificación terá lugar mediante anuncio público nos taboleiros indicados para a aprobación provisional así como remisión de correo electrónico á data na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente.

A notificación efectuarase nos termos establecidos no artigo 45 da lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións pública. A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a leste, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común (un mes desde a notificación da resolución de repartición de axudas). A interposición do recurso contencioso-administrativo poderá efectuarse no prazo indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-administrativa (dous meses desde a notificación da resolución de repartición de axudas)

6. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PRAZO.

A efectos da xustificación da subvención concedida, será requisito necesario a presentación da Conta Xustificativa segundo o modelo normalizado que se adxunta, nos termos do artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007, e que en todo caso deberá conter:

1. Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas, asinada pola persoa responsable.
2. Memoria económica xustificativa do custo segundo o Modelo de Conta Xustificativa de subvención asinada pola persoa responsable (Anexo VII) que conterá:
 - Relación de todos os gastos realizados no proxecto subvencionado, con identificación da factura, importe e provedor.
 - Relación detallada de todos os ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.
 - Declaracións segundo os puntos do modelo establecido e que se acompaña.
3. Certificados de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social).
4. Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003. Como mínimo conterán:
 - Núm. de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario/a.
 - Descrición e data de realización da operación.
 - Importe, desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas nas que non se faga constar "IVE engadido".
 - Recargas, descontos e retencións aplicables
5. Ademais nas facturas, **deberá acreditarse o seu pago da seguinte forma:**
En todas as facturas deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - "Pago" ou "Recibín".
 - Data de pago.
 - Asina e identificación da mesma (DNI) ou nome completo de quen asina.
 - Selo da empresa
 - Estampillado onde consta o % subvencionado con cargo a fondos do Concello de O Pino.
6. Cando a factura sexa pagada mediante transferencia bancaria deberá achegarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario/a.
7. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.
8. Calquera outra documentación que sexa requirida pola Intervención municipal, en función das características especiais da subvención.

O prazo para a xustificación será ata o 1 de decembro de 2025.

7. REINTEGROS

Procederá o reintegro da subvención con esixencia do interese de demora desde o momento do pago nos casos que en calquera das seguintes situacións:

- Incumprimento da finalidade obxecto da subvención.
- Xustificación de forma insuficiente ou deficiente.
- Obtención da subvención falseando ou ocultando as condicións necesarias para iso.
- Non xustificar a publicidade do cofinanciamento polo Concello.

8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Nesta materia, estarase o disposto no Título IV da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

O Pino, 11 de febreiro de 2025

O alcalde

Manuel Taboada Vigo

ANEXO I - 2025**CONVOCATORIA DE AXUDAS - PARA ASOCIACIÓN CULTURAIS E DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO****SOLICITUDE**

SOLICITANTE:	
CIF:	
REPRESENTANTE:	
DNI:	
ENDEREZO:	

SOLICITO:

Subvención por importe de: _____ para a realización das actividades descritas na memoria.

Adxunto a seguinte documentación:

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

A) Relativa a entidade, e a súa representación:

Estatutos da entidade, Inscripción no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e nomeamento en vigor de representantes.

Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición a que se refire el artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal adicado a realización das actividades ou proxectos solicitados que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no art. 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor e no art. 8.4 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.

Declaración responsable do número de persoas socias

Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.

Certificación dos datos bancarios da persoa/entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos aportados pola entidade interesada no que respecta ao nome o denominación social, CIF ou NIF e ao número de conta bancaria (en formato IBAN).

Certificación acreditativa dos cargos representativos da entidade, mediante o cumprimento do modelo.

B) Relativa as actividades, proxectos e/ou actuacións solicitadas:

Memoria na que se fará mención a identidade da entidade solicitante e as persoas beneficiarias directa ou indirectamente pola axuda, orzamento detallado da inversión a realizar e calendario da mesma.

Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou actuacións solicitadas a nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables.

Declaración das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade ou proxecto obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional

Calquera outra documentación que a entidade solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación de unha memoria complementaria con unha extensión que non poderá exceder de 3 folios.

O Pino, _____ de _____ de _____.

Sinatura;

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello do Pino.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

ANEXO II - 2025**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO****MODELO DE MEMORIA DE ACTIVIDADES**

1) N° DE PERSONAS BENEFICIARIAS DA AXUDA:

2) DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES A REALIZAR E PARA AS QUE SE SOLICITA A AXUDA:

3) ORZAMENTO DETALLADO DE LA INVERSIÓN A REALIZAR:

4) CALENDARIO DAS ACTIVIDADES:

O Pino, _____ de _____ de _____.

Firma;

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello do Pino.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

ANEXO III - 2025**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO****CONTA BANCARIA**

Don/Dona _____, con NIF _____
, en calidade de representante legal da Asociación _____
con CIF: _____.

SOLICITO: Que o importe da axuda concedida sexa ingresado no seguinte número de conta a nome da entidade solicitante ou do representante.

TITULAR DA CONTA: _____

ENTIDAD BANCARIA: _____

Nº DE CONTA BANCARIA (24 díxitos) :

ES					
----	--	--	--	--	--

O Pino, _____ de _____ de _____.

Firma;

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello do Pino.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

ANEXO IV - 2025**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASOCIACIÓN CULTURAIS E DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO****DECLARACIÓN DE OBRIGAS TRIBUTARIAS**

Don/Dona _____, con NIF _____
, en calidade de representante legal da Asociación _____
con CIF _____.

DECLARO:

· Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de O Pino.

Así mesmo, autorizo ao Concello de O Pino a obter as certificacións acreditativas deste aspecto ante os organismos correspondentes, excepto a Seguridade Social que deberá presentarse a correspondente certificación.

O Pino, _____ de _____ de _____.

Firma;

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello do Pino.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

ANEXO V - 2025**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASOCIACIÓNS CULTURAIS e DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/Dona _____, con NIF _____
, en calidade de representante legal da asociación _____
con CIF _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1º.- Non estar incurso en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro Lei Xeral de Subvencións.

2º.- Coñece-las obrigas que se derivan da miña calidade de beneficiario.

3º.- Someterme ás actuacións de comprobación que o concello estime conveniente efectuar.

O Pino, _____ de _____ de _____.

Firma;

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello do Pino.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

ANEXO VI - 2025**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS E DEPORTIVAS DO EXCMO. CONCELLO DO PINO****DECLARACIÓN DE AXUDAS**

Don/Dona _____, con NIF _____
 , en calidade de representante legal da Asociación _____
 Con CIF _____, en cumprimento do artigo 14.1d) da Lei Xeral de Subven-
 cións 38/2003 de 17 de novembro

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Que si se solicitaron e/ou concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA

O Pino, _____ de _____ de _____.

Firma;

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado con exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Concello do Pino.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

ANEXO VII - 2025

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS EXERCICIO DE 2025

CONCELLO DE O PINO

1. DATOS DO BENEFICIARIO

Entidade:	
CIF:	Enderezo:
Localidade:	C.P.:
Teléfono:	Correo electrónico ¹ :
Presidente:	DNI:
Representante (si é distinto do Presidente):	DNI:
Teléfono persoa contacto:	
Teléfono da entidade:	

2. OBXECTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA E IMPORTE

Obxecto:		
Nº expte:	Importe:	Exercicio:

3.- MEMORIA

3.1 DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

- Declaro que se cumpriu o obxecto da subvención concedida.
- Declaro que se cumpriron todos as condicións impostas na concesión da subvención.
- Declaro que se realizaron a/as actividade/s ou proxecto que fundamentou a subvención mediante a realización das actuacións contempladas nas facturas presentadas e que se conseguiron acadar os resultados pretendidos e que fundamentaron a axuda concedida.

ACTIVIDADES REALIZADAS	DATA	LUGAR

3.2 DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ACADADOS

Deberanse describir os resultados obtidos e a incidencia derivada da actividade de fomento (por exemplo: A actividade subvencionada afecta a ___ rapaces de idades comprendidas entre __ e ___ anos e implica o fomento do ocio e a práctica deportiva. Se compite a nivel ____ . Obtivéronse os seguintes resultados competitivos: ____ etc..)

--

Descrición	Importe	Entidade outorgante

Acreditación de estar ao corrente coa Facenda Estatal, Autonómica e Seguridade Social (riscar a opción que corresponda)

AUTORIZO ao concello á súa comprobación.

Presento as certificacións de Facenda e da Seguridade Social.

Declaro que non hai débedas co concello de O Pino.

Certificación da conta bancaria (só no caso de que o concello non dispoña da mesma)

Declaro expresamente que se dou publicidade da colaboración/patrocinio do concello na actividade subvencionada: folletos, cartalaría, páxina web, redes sociais, roldas de prensa así como canta información gráfica, escrita e sonora que se realizou por mor do programa ou actividade subvencionada.

Acredítase a publicidade da seguinte maneira (como mínimo deberase acompañar un documento xustificativo: folleto, cartel, debendo ser obrigatoria a publicidade en redes sociais (reportaxe fotográfica e dirección url) ...): _____

Declaro expresamente que, no seu caso, en todo o equipamento deportivo, tanto na indumentaria de competición (camiseta, licra, maillot, dobok, judogi, bañador...) coma na vestimenta de rúa (chándal, anorak, chubasqueiro...) figura expresamente o texto "CONCELLO DE O PINO" e/ou escudo oficial do concello de O Pino (tamaño mínimo 3x4).

D./Dña _____, Secretario/a da entidade _____, certifica a veracidade dos datos incluídos na presente Memoria final xustificativa das actividades subvencionadas polo concello de O Pino no exercicio 2025 (Subvención _____)

Asdo.

O Pino, _____ de _____ de _____

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O PINO

2025/1013